

# **PINTURA GALEGA CONTEMPORÁNEA**

## **Colección de Álvaro Gil Varela**

Sala de Exposicións do MPLugo  
(do 30 de abril ao 30 de xuño de 2015)

---

### **ARTISTAS: SEMBLANZAS BIOGRÁFICAS**

#### **Jenaro Pérez Villaamil (1807 - 1854)**

Contemporáneo de José Espronceda, foi o impulsor do romanticismo na pintura. A súa traxectoria vese influída, como outros moitos paisaxistas da época, pola do inglés David Roberts. Villaamil viaxou por Europa e chegou a exercer, en tempos de Isabel II, como catedrático da paisaxe na Real Academia de San Fernando, da que tamén sería director.

As súas composicións, con interiores de igrexas medievais en penumbra e paraxes desoladas, magnifican escenarios teatrais, cheos de sentimentalismo, grazas á súa capacidade de provocar o misterio con buscados efectos lumínicos.

Nos fondos de Álvaro Gil Varela, atópanse, en total, nove obras executadas en acuarela e óleo, técnicas que o pintor alternaba habitualmente. O proceso de traballo, en moitas ocasións, consistía en realizar pequenos bosqueños a lapis ou acuarela tomados do natural para logo trasladalos á pintura, acomodando, neste último paso, a realidade á súa mirada romántica, intimista e sempre subxectiva.

#### **Xesús Corredoyra (1889-1939)**

Artista lucense que, en 1903, obtén a bolsa da Deputación de Lugo para estudar na Escola de Belas Artes de Madrid, onde é alumno de Sorolla. En 1915, instálase en Compostela, cidade á que chega cunha bagaxe relixiosa estética que terminará por formalizarse, dalgún xeito, nos seus lenzos. Un misticismo influído por lecturas de San Juan de la Cruz e un manierismo entusiasta da obra do Greco uníranse forxando a personalidade deste artista, unha personalidade “ciclotímica e insegura” que sofre de continuas crises e os seus consecuentes cambios de carácter. A boa relación deste artista con figuras da época como Basilio Álvarez, Castelao, Luís Pimentel ou Alvaro Gil Varela queda reflectida en distintas obras como a desta colección *Triptico de Nadal*, na que integra os retratos de Pimentel e Gil Varela.

#### **Francisco Llorens (1874- 1948)**

Formouse en Madrid, frecuentando o Museo do Prado e asistindo a clases no taller de Sorolla do que aprende as fórmulas do luminismo. Pintor fundamentalmente de paisaxes e retratos, verase mediatizado pola influencia do modernismo catalán e o impresionismo francés. Con interpretacións urbanas como as da Coruña e Betanzos así como a visión que fai da mariña, como é o caso da desta colección, achégase a idea de insinuar a realidade pero non copiala tal cal, máis ben aprópiase dela coa simplicidade de suaves e resoltas manchas e coa intensidade da luz, elemento recollido do seu mestre valenciano e

elemento clave na percepción plástica de moitos dos artistas do momento.

### **Juan Luis López (1894-1984)**

Está representado nesta colección con cadros chamados de tipos, escenas campestres, paisaxes e bodegóns. Ao longo da súa extensa carreira, Juan Luis cultivou os xéneros tradicionais: motivos populares, temas relixiosos, retratos, paisaxes e bodegóns, seguindo, ao mesmo, tempo distintas liñas de traballo en cada unha das cales estivo, á súa vez, influenciado pola obra doutros autores. Manet, Cézanne, Gauguin, Julio Romero de Torres, Corredoyra foron algúns dos que lle afectaron á súa pintura, tecnicamente, por outra parte, resolta, decidida e con amplos recursos.

As composicións móvense dentro dunha modernidade clásica, cunha figuración expresionista, perfilada pola contundencia do debuxo. Na imaxe dalgunha personaxe de muller, representada en plena natureza, definida con brazos e mans grandes e vestidas con indumentaria caída sobre os ombros, podería lembrar a etapa grecorromana de Picasso, outro dos artistas do que, sen dúbida, Juan Luis tiña referencias. As paisaxes lógranse a base de pinceladas soltas e contrastes lumínicos.

### **Dionisio Fierros (1827-1894)**

É un dos artistas máis notables de finais do século XIX, cunha traxectoria que, partindo do romanticismo, remata achegándose ao naturalismo. Segundo o profesor López Vázquez, Dionisio Fierros "debaterase entre a visión realista da xente apegada á terra e o idealismo dos que, por razóns económicas ou de idade, poden evadirse do vulgar e prosaico"

Aínda que nacido en Asturias e formado en Madrid, baixo as ensinanzas do pintor José Madrazo -máis tarde chegará a colaborar tamén co seu fillo Federico Madrazo-, desenvolveu unha boa parte da súa obra en Galicia. Madrid e distintas viaxes a Europa, en concreto a Italia, Francia, Bélxica e Portugal completarán o seu escenario pictórico. Cultivou distintos xéneros, dende o retrato burgués ata a paisaxe e o bodegón, pero é nas escenas de xénero nas que acaba por ter unha destacada posición.

Considérase o creador do costumismo, cunha iconografía popular de gusto pintoresco, afectada neste caso pola creación goyesca. Esta liña do asturiano terá unha gran influencia na pintura galega posterior.

Nese ambiente de tipos, atópanse os dous cadros desta colección, unha voda de charros salmantinos e a parada duns peregrinos no camiño a Compostela.

### **Fernando Álvarez de Sotomayor (1875 - 1960)**

Cando este pintor comeza a súa traxectoria profesional, o panorama cultural vive, como o resto da sociedade, afectado pola crise do 98 e, envolvido polos acontecementos, o artista reflexiona sobre a identidade e a diversidade dos pobos de España, unha reflexión que Ortega frutificou nun estudo sobre a obra de Zuloaga. Por entón, Sotomayor

consigue unha bolsa para estudar na Academia de Belas Artes de Roma, viaxando dende alí a Francia e aos Países Baixos. Coñece o impresionismo parisiense, polo que non vai ter ningunha simpatía, e a pintura de Rubens, Rembrandt e Hals, que serán os que realmente deixarán unha profunda pegada nel. Nos cadros de ambiente, recreados polos artistas neerlandeses, percibiría o gusto pola fidelidade dos obxectos, a aplicación da cor e a luz e a habilidade para converter as escenas costumistas en verdadeiros retratos colectivos.

En 1906, cando gaña a primeira medalla da Exposición Nacional, é xa un pintor famoso en Madrid. Comezan a reclamálo como retratista. O retrato tiña carácter de distinción social, unha singularidade á que só podía acceder a xente con diñeiro: aristócratas e burgueses; eles serán os seus incondicionais clientes.

Ao longo da súa traxectoria, os tons da súa paleta foron modificándose: nos cadros da primeira época apréciase unha luminosidade propia das escenas de Sorolla; posteriormente inclínase por escurecer a cor, ao modo de Zuloaga ou Romero de Torres. Con todo, mantívose sempre fiel a unha figuración de factura clásica que constrúe partindo dun perfeccionado debuxo, que se detén especialmente no preciosismo do detalle e o xesto da anécdota.

En Galicia, descubrirá o seu potencial pictórico: un ambiente rural conformado por días de traballo e de festa, que sofre o día a día dunha presión tributaria e caciquil e unha economía estancada cuxa única saída parecía estar na emigración. Non obstante, Sotomayor ve neste escenario a autenticidade da raza e a representación dunha terra; todo un filón de motivos pintorescos cos que transformar "o tema en tópico". O que na realidade podería ser duro e, mesmo, desagradable ou grotesco é convertido en mans do pintor en xénero costumista, amable, refinado e, sobre todo, idílico.

### **Carlos Maside (1897-1958)**

En 1928, Manuel Antonio dá a coñecer os poemas escritos durante meses no paquebote Constantino Candiera. Carlos Maside ilustra cos seus debuxos esta primeira edición de *De catro a catro*. O encontro do escritor e o artista nunha mesma obra non é unha simple casualidade. Ambos os dous pertencen a unha xeración con inquietudes renovadoras vinculadas ao nacionalismo, que desexa quitarse de enriba o lastre do pasado inmediato.

A situación do país, activada polo movemento agrarista, a creación do Seminario de Estudos Galegos e unha multiplicidade ideolóxica madurada nos anos previos á proclamación da República, determina a participación de Maside en distintas publicacións nas que ilustra con oportunas viñetas a confrontación entre partidos e a campaña do Estatuto. O seu compromiso empúrrao a asinar o Manifesto Republicano, de decembro de 1930, que o leva ao cárcere durante uns meses.

Maside era o que hoxe chamariamos un intelectual de esquerdas. A percepción que ten da vida trasládaa, en primeiro termo, ás súas colaboracións nos xornais da época, debuxos a tinta chinesa que

confirman a función social da arte. Os seus óleos réxense por similares directrices éticas, se ben, con matices no que se refire a determinados canons estéticos. Parece viable o vínculo de Maside coa teoría do **Realismo Máxico** de Franz Roh, na que se fala dunha nova estética na que "a pintura volve ser o espello da exterioridade palpable". A arte "aspira -como o propio Maside expresa no artigo de Grial en torno á fotografía popular- a apresar a vida mesma; a aprehendela no seu devir e retela inmutable (...) a poboar a súa soidade con seres reais...".

A súa xeración é tamén a xeración truncada pola guerra, partida en dous por unha loita fratricida que afastou de Galicia os Dieste, Antonio Baltar, Seoane, Arturo Cuadrado ... e tantos e tantos outros que compartiran con Maside o idealismo nobre dunha sociedade máis xusta. Outros moitos, como Ánxel Casal, serán inmolados ao pouco de estalar a sublevación militar de xullo de 1936. Carlos Maside decide quedar, sufrindo, despois de ser apartado da súa praza como profesor de instituto, un exilio interior que o obriga, ata a súa morte, a unha reclusión silenciosa e prudente.

### **Manuel Colmeiro (1818 -1894)**

A súa aprendizaxe en América, no taller de Demetrio Urruchua, e un alto na Escola de San Fernando en Madrid, así como, e especialmente, a súa vinculación a intelectuais do talle de Seoane, Maside, os Dieste ou Fernández del Riego conformou unha personalidade inqueda que, sen renunciar a rexistros persoais, rastrea en territorios postimpresionistas, cubistas, abstractos ou do realismo máxico, accedendo a implicalos nalgunhas das súas composicións.

Na súa biografía destácanse os seus primeiros encontros coa arte, na capital bonaerense, a súa integración no círculo dos faladoiros composteláns de preguerra, o exilio en América, a viaxe a París nos corenta e o regreso definitivo, uns anos despois. Artisticamente, a súa pintura localízase no movemento dos Novos, movemento de renovación da pintura en Galicia, corrente que se envorca nunha temática próxima, que bebe na tradición e na que comezan a afianzarse novidades vangardistas procedentes do estranxeiro. O bodegón xunto ao tema da muller, a maternidade, a paisaxe, os traballos de campo e as *Tres Grazas* son os motivos máis representativos da súa pintura.

### **Luis Seoane (1910- 1979)**

O labor intelectual e o pensamento político compartiron espazo tanto na súa obra literaria coma na artística. O carácter progresista da súa poesía, enfocada "a configurar conciencia histórica e social dun pobo asoballado", tal e como advertiu Méndez Ferrín en *Fardel do eisilado*, reproducécese tamén a través de trazos e cores nos distintos óleos que realiza, protagonizados por traballadores, guerrilleiros e emigrantes. Son cadros nos que Seoane simpatiza coa capacidade expresiva da figuración marcada por un subliñado perfil negro do debuxo. A medida que avanza a súa traxectoria evidénciase un empeño por esencializar, por fragmentar a composición en planos, xeometrizando espazos ou provocando o xesto coa mancha, axudándose, entón, dun cromatismo

resaltado coa intensidade de vermellos, azuis e verdes e dun amarelo que inunda bodegóns, contorna a area dunha praia, ilumina rostros e materializa abstraccións.

Editor, deseñador, ensaísta, poeta, crítico de arte, muralista, gravador, pintor... Seoane foi un defensor da integración das artes, sistema que propiciou, xunto a Isaac Díaz Pardo, dende a empresa cultural Laboratorio de formas de Galicia. Aínda que con razóns contemporáneas, o artista, en certa medida, conecta coa didáctica medieval da escultura románica de capiteis e tímpanos, cuxa estética afectaralle, como ao resto do grupo dos Novos, creando un estilo ao que se deu en chamar "Estética do granito". Durante unha conferencia en Bos Aires, o intelectual explicaba a súa visión do tema: "o románico tiña que afundirse coa terra galega con máis afinamento que ningún outro, transformándose, non só na máis pura expresión artística do cristianismo organizado da Europa Medieval, senón no medio máis lexítimo da expresión popular galega, a influencia da cal pode sinalarse ata os nosos días".

A paisaxe, o pobo, o mundo da emigración, personaxes históricos e populares forman parte nos seus cadros dunha crónica plástica que se move entre a figuración sintética e a abstracción e entre a nostalgia da evocación e o presente, elementos que habitan o mesmo espazo, confluindo arroupados polo perfil enérxico do debuxo e a efusión da cor.

### **Castelao (1886 -1950)**

A arte do intelectual rianxeiro vincúlase necesariamente a unha postura crítica da situación social e política da terra, vista dende o pensamento nacionalista. Nos seus debuxos, caricaturas, mesmo nas súas pinturas, faise evidente o humor agudo e o xuízo de denuncia, sempre atento a situacións abusivas e inxustas. "A subordinación ética impónse á supremacía estética", cada creación aliméntase da esencia social e esta rara vez se supedita ao tratamento formal da propia creación. Castelao interésase polas novas técnicas de gravado, coñece as propostas simbolistas e expresionistas, afástase deliberadamente do rexionalismo e asume, ao mesmo tempo, a tradición. Pero o contido é o pretexto da súa obra.

De modo especial en Castelao, a arte discorre plasticamente como unha crónica descritiva e reivindicativa da memoria colectiva de Galicia, da Galicia maltratada, lacerada pola inxustiza e consumida pola emigración. Os seus debuxos teñen un sentido crítico-didáctico, son contundentes nas súas reflexións, nas que se mestura unha visión ácida da vida co humor e a ironía. Trazos sintéticos que evidencian o seu coñecemento da sátira expresionista de George Grosz, trazos nos que é imprescindible a claridade da mensaxe, o suficientemente gráfica como para chegar a entender o transcendental valor do seu pensamento.

### **Alfredo Souto (1862-1940)**

O pintor desenvolve a súa actividade a cabalo entre o século XIX e o XX. Fórmase no taller de Román Navarro, na Coruña, e xa en Madrid cursa

estudos de Dereito e Belas Artes na Escola de San Fernando. Traballou, salvo contadas excepcións, fundamentalmente nos seus cadros as pequenas facturas e, como nalgunhas das pezas desta colección, gustaba de enfrontarse directamente á natureza. A paisaxe co ambiente ao aire libre do campo galego foi unha constante como pretexto na súa produción. Por outro lado, a utilización sistemática de manchas e pinceladas xustapostas, intentando reflectir o instante preciso, achega a obra de Souto ás premisas impresionistas.

### **Arturo Souto (1902 -1964)**

É un dos expoñentes da inqueda e prolífica xeración de preguerra. É incluído no grupo dos Novos ou Renovadores xunto a Colmeiro, Seoane, Maside, Torres e Laxeiro. Recibiu as súas primeiras leccións co seu pai, o pintor Alfredo Souto, formándose máis tarde como alumno nas escolas de Belas Artes de Sevilla e Madrid. En París, descubriu as vangardas tuteladas por Apollinaire, Cocteau e Picasso e viaxou a Roma onde coñeceu de primeira man a obra de De Chirico. Politicamente implicouse coa ideoloxía republicana mentres foi moldeando a súa pintura, asimilando estilos e tenteando técnicas. Cando estala a Guerra Civil, intégrase na Alianza de intelectuais antifascistas, e é, ante o horror, cando o artista vomita unha das súas mellores series: *Albumes de guerra*.

Xa no exilio americano, en México, transformará todas as guías plásticas dixeridas, postimpresionismo, cubismo, nova obxectividade, expresionismo, en aplicacións persoais sobre as súas paisaxes, nus e escenas de interior, motivos dos que esta colección mostra magníficos exemplos.

### **José Otero Abeledo, Laxeiro (1908 - 1996)**

Nos primeiros anos da súa traxectoria, adquire coñecementos básicos de debuxo, unha práctica que remata por ser inherente á súa pintura. O debuxo delinearé os rostros de mulleres e nenos, matizará as máscaras dos seus carnavais, cimentará retablos e sagas e organizará xestos espontáneos de amplos e densos trazos, axustando espírito e forma na súa arte. Ao longo da súa carreira, houbo mudanzas constantes detrás de deliberados xiros que pasaban da figuración clásica ao expresionismo e da imaxinaría máis nítida á abstracción máis exuberante. Detrás de cada rexistro existía un asento historiográfico que exerceu certa influencia en Laxeiro, débitos distantes entre si, pero importantes na súa plástica que el mesmo recoñecía. O Mestre Mateo, El Bosco, Tiziano, Goya, Dubuffet, De Kooning foron algunhas das súas alusións manifestas.

As variables estilísticas trasladáranse de Lalín a Bos Aires, de Bos Aires a Madrid e de Madrid a Vigo; perseguirán o pintor estimulando aspectos realistas, postcubistas, expresionistas ou informalistas e deixarán unha pegada persoal no seu proxecto. É difícil analizar etapas na súa carreira, desmembrar a longa liña da súa produción, porque o eclecticismo marcou gran parte do seu reloxo artístico. Quizais fose esa

inquiétude constante por innovar a que exerceu de necesidade perentoria á hora de simultanear formas e procedementos.

### **José Frau (1898 – 1976)**

Os seus primeiros contactos coa pintura, no ámbito de formación, foron na Escola de Belas Artes de San Fernando. En 1925, integrouse na Sociedade de Artistas Ibéricos, que xorde no ano 1924 "co propósito de renovar tanto a arte coma a relación co público". Na década dos corenta, marcha á Arxentina e pouco despois asenta a súa residencia en México, país no que leva a cabo unha frutífera carreira artística. Debuxos, pintura, cerámica serán algunhas das prácticas artísticas que desenvolverá o artista vigués dentro duns canons postimpresionistas figurativos. Regresa nos anos sesenta a España.

### **Julia Minguillón (1906-1965)**

A autora, nacida en Vilanova de Lourenzá, fórmase inicialmente no taller de José Castrocires, pintor valisoletano, do que recibe as súas primeiras clases para máis tarde reforzar as súas ensinanzas na Escola de San Fernando en Madrid onde ten, entre os seus compañeiros, a Rafael Zabaleta. Os anos da contenda civil serán decisivos para a pintora, integrada nun ambiente incondicional ao levantamento franquista, casa con Francisco Leal Insua, xornalista da mesma filiación política.

A pintora desenvolve unha obra figurativa, de tinguiduras clásicas, pintura intimista que ten como temas de apoio o da familia e a relixión. Os animais, en especial os cans, participarán de moitas das súas amables composicións.



---

**REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO**

---

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

---